



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

**PUBLICADO NO BOP DE DATA 14.11.2012**

O Concello Pleno aprobou o día 6 de maio de 2005, o Regulamento orgánico de goberno e organización do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións.

O Concello Pleno, na sesión ordinaria do día 4 de xullo do ano 2008, aprobou a modificación do Regulamento orgánico do Pleno e da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións. (BOP N.º.260 de data 10 de novembro de 2008).

Con data 7 de setembro de 2012 o Concello Pleno aprobou definitivamente a modificación do Regulamento Orgánico quedando redactado do seguinte xeito:

### **REGULAMENTO ORGÁNICO DE GOBERNO E ORGANIZACIÓN, DO PLENO E A COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS DO CONCELLO DE OURENSE**

#### **ÍNDICE**

TÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS. (art. 1-4)

TÍTULO II.- ESTATUTO DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

CAPÍTULO I.- Dereitos, deberes, adquisición, suspensión e perda da condición. (art.5-8)

CAPÍTULO II.- Dereito á información e consulta dos expedientes. (art. 9-14)

CAPÍTULO III.- Das incompatibilidades e rexistro de intereses. (art. 15-24)

CAPÍTULO IV.- Dos grupos políticos. (art. 25-28)

TÍTULO III.- O ALCALDE.

CAPÍTULO I.- Elección. (art. 29-30)

CAPÍTULO II.- Competencias. (art. 31-32)

CAPÍTULO III.- Tenentes de Alcalde. (art. 33-34)

CAPÍTULO IV.- Delegacións do Alcalde. (art. 35-37)

CAPÍTULO V.- Os Decretos de Alcaldía. (art. 38)

TÍTULO IV.- O CONCELLO PLENO.

CAPÍTULO I.- Disposicións Xerais. (art. 39-42)

CAPÍTULO II.- A Presidencia do Pleno. (art. 43)

CAPÍTULO III.- Secretaría Xeral. (art. 44-47)

CAPÍTULO IV.- Xunta de Voceiros. (art. 48-49)

CAPÍTULO V.- Das Comisións.

Sección I.- Das Comisións de Pleno. (art. 50)

Sección II.- Das Comisións especiais de Pleno.



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

- a) A Comisión de Contas (art. 51)
- b) A Comisión de Suxestións e Reclamacións. (art. 52-56)

### CAPÍTULO VI.- As sesións.

- Sección I.- Réxime Xeral. (art. 57-58)
- Sección II.- Clases de Sesións. (art. 59-63)
- Sección III.- Estrutura e debate. (art. 64-69)
- Sección IV.- Preguntas, rogos e comparecencias. (art. 70-74)
- Sección V.- Declaracións institucionais. (art. 75)
- Sección VI.- Quórum. (art. 76-77)
- Sección VII.- Cuestións de orden. (art. 78-79)

Sección VIII.- Réxime de adopción de acordos. (ar. 80-84)

Sección IX.- Das actas do Pleno. (art. 85-91)

Sección X.- Da moción de censura e a cuestión de confianza. (art. 92-93)

TÍTULO V.- APROBACIÓN DE NORMAS. (art. 94-98)

TÍTULO VI.- DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. (art. 99-104)

TÍTULO VII.- DO REXISTRO XERAL (art. 105)

TÍTULO VIII.- CONSELLO SOCIAL DA CIDADE. (art. 106)

TÍTULO IX.- OS DISTRITOS. (art. 107)

TÍTULO X.- NIVEIS ESENCIAIS DA ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA MUNICIPAL.

CAPÍTULO I.- Principios Xerais. (art. 108)

CAPÍTULO II.- Dos coordinadores Xerais. (art. 109)

CAPÍTULO III.- Dos Directores Xerais. (art. 110)

CAPÍTULO IV.- Da Intervención Municipal e os presupostos. (art. 111)

CAPÍTULO V.- Da Tesourería Xeral. (art. 112)

CAPÍTULO VI.- Da Asesoría Xurídica. (art. 113)

CAPÍTULO VII.- Da Oficialía Maior. (art. 114)

CAPÍTULO VIII.- Do Órgano de Xestión Tributaria. (art. 115)

CAPÍTULO IX.- Da Oficina Orzamentaria. (art. 116)

CAPÍTULO X.- Do Órgano para a resolución das reclamacións económico - admntivas. (art. 117)

TÍTULO XI.- DAS ÁREAS DO CONCELLO. (art. 118-121)

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA.

DISPOSICIÓN FINAL.

## TÍTULO I

### DISPOSICIÓN XERAIS

#### **ARTIGO 1.**

1.- O presente regulamento ten por obxecto establecer a organización e funcionamento do Concello de Ourense.



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

2.- O goberno e a administración da cidade de Ourense correspóndelle ó Concello, integrado polo alcalde e os concelleiros, elixidos polos cidadáns conforme ó disposto na Constitución e a lexislación electoral.

### **ARTIGO 2.**

O alcalde ostenta a máxima representación da cidade, preside a Corporación, dirixe a política, o goberno e a administración municipal, exercendo cantas atribucións lle confiren as leis e o presente regulamento.

### **ARTIGO 3.**

O Concello Pleno, integrado pola totalidade dos concelleiros e presidido polo alcalde, adopta as grandes decisións estratéxicas, controla e fiscaliza ós órganos de goberno, aproba e modifica as ordenanzas e regulamentos municipais, e exerce as atribucións que lle confiren as leis e o presente regulamento.

### **ARTIGO 4.**

O réxime de organización do municipio de Ourense é o establecido polo Título X da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, desenvolto por este regulamento orgánico e as demais normas de esta natureza que no uso da potestade de autoorganización aprobe o Concello Pleno.

## TÍTULO II

### ESTATUTO DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

#### **Capítulo I.- Dereitos, deberes, adquisición, suspensión e perda da condición.**

### **ARTIGO 5.**

1.- A determinación do número de membros da corporación local, o procedemento para súa elección, a duración do seu mandato e os supostos de inelixibilidade e incompatibilidade son os regulados na lexislación electoral.

2.- O concelleiro que resulte proclamado electo, presentará a credencial na Secretaría xeral do Pleno, así como a súa declaración de bens e intereses.

### **ARTIGO 6.**



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

1.- Os concelleiros teñen o dereito e a obriga de asistir con voz e voto ás sesións do Concello Pleno e ás daqueles outros órganos colexiados dos que formen parte.

2.- Así mesmo terán dereito a asistir con voz e sen voto ás sesións dos órganos do Concello os membros non electos da Xunta de Goberno local.

### **ARTIGO 7.**

1.- Os membros da Corporación Municipal terán dereito a percibir as retribucións que correspondan ó seu réxime de dedicación (exclusiva ou parcial), de conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e demais normativa que resulte de aplicación.

Estas retribucións estableceranse segundo os criterios establecidos nas bases de execución do presuposto municipal e con carácter diferenciado das asignacións aos grupos políticos. Todos os acordos que afecten ás retribucións dos membros da corporación, para a súa efectividade, será necesario que sexan recollidos nas bases de execución do presuposto municipal vixente.

2.- O recoñecemento da dedicación exclusiva a un concelleiro, suporá a súa dedicación total ás tarefas municipais que lle sexan encomendadas, e a incompatibilidade expresa con calquera outro tipo de dedicación ou traballo lucrativo, ou que supoña minguar das súas obrigas no concello. Só se admitirán as excepcións previstas na lexislación vixente.

3.- Tódolos membros da Corporación terán dereito a percibir indemnización polos gastos ocasionados no exercicio do seu cargo, cando sexan efectivos e documentalmente xustificados, segundo as normas de aplicación xeral nas administracións públicas e nas que no desenvolvemento das mesmas determine o Concello Pleno.

4.- Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva, nin dedicación parcial, poderán percibir indemnización en concepto de asistencias, pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación.

5.- As cantidades producidas faranse efectivas unha vez ó mes, sen prexuízo de que o Concello adiante cantidades a xustificar no caso das indemnizacións e outros gastos.

6. Considérase tempo indispensable para o desempeño do cargo o necesario para a asistencia ás sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións ou Xuntas de Área así como o tempo de atención ás delegacións ou cargos que desempeñen.

7. O Concello establecerá no seu presuposto as retribucións, indemnizacións e asistencias a que se fan referencia nos parágrafos anteriores, dentro dos límites que con carácter xeral se estableza, no seu caso.

### **ARTIGO 8**



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

1.- Quedará suspendido o concelleiro nos seus dereitos, prerrogativas e deberes cando así se determine por resolución xudicial firme.

2.- Os concelleiros perderán a súa condición como tal:

- a) Por decisión xudicial firme que anule a elección ou proclamación.
- b) Por falecemento e incapacitación declarada por decisión xudicial firme.
- c) Por extinción do mandato ó expirar o prazo, sen prexuízo de que continúe nas súas funcións soamente para a administración ordinaria ata a toma de posesión dos seus sucesores.
- d) Por renuncia, que deberá facerse efectiva por escrito ante o Pleno.
- e) Por incompatibilidade.
- f) Por perda da nacionalidade que da acceso á condición de concelleiro.

### **Capítulo II.- Dereito á información e consulta dos expedientes.**

#### **ARTIGO 9.**

1. Os concelleiros e os membros da Xunta de Goberno Local que non ostenten a condición de concelleiro, teñen dereito a obter do alcalde o acceso a todos os antecedentes, datos e informacións precisos para o desenvolvemento da súa función obrantes nas dependencias municipais e organismos autónomos.

O exercicio deste dereito non poderá substituírse por unha información verbal ou pola lectura do documento solicitado nunha xunta de área, comisión de pleno ou sesión plenaria, salvo a conformidade do solicitante.

Non se poderá formular peticións de informacións xenéricas ou indiscriminadas de copias dos expedientes.

O exercicio do dereito á información non poderá implicar unha lesión do principio de eficacia administrativa, polo que haberá de harmonizarse co réxime de traballo dos servizos municipais.

O dereito á información poderá ser limitado nos seguintes casos:

- a) Cando o coñecemento ou difusión dos documentos ou antecedentes poda vulnerar o dereito constitucional ao honor, á intimidade persoal ou familiar e a propia imaxe das persoas.  
Os documentos que conteñan datos persoais de carácter policial, procesual, clínico ou de calquera outra índole que podan afectar á seguridade das persoas, ao seu honor, á intimidade da súa vida privada e familiar e á súa propia imaxe non poderán ser públicamente consultados sen que medie consentimento expreso dos afectados ou ata que haxa transcurrido un prazo de vintecinco anos dende a súa morte, si a súa data é coñecida, ou, noutro caso, de cincuenta anos a partir da data dos documentos.



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

- b) Si se trata de materias relativas á seguridade cidadá cuxa publicidade poda incidir negativamente na mesma.
- c) Si se trata de materias clasificadas nos termos da Lei vixente, sobre secretos oficiais.
- d) No caso de tratarse de materias amparadas por secreto estatístico.
- e) Cando se trate de antecedentes que se encontren incorporados a un proceso xudicial, mentres permanezan baixo secreto sumarial.

A petición de acceso a información, poderase solicitar ben por escrito dirixido ao alcalde, que deberá presentarse por rexistro xeral aos efectos de cómputo de prazo para resolver, ou tamén de forma verbal na xunta de área correspondente.

Entenderase concedida por silencio administrativo no caso de que o Alcalde ou o concelleiro no que delegue, non adopte resolución denegatoria no termo de cinco días hábiles a contar dende a data de entrada no rexistro xeral.

O concelleiro delegado relacionado co expediente constatará nun prazo de dous días hábiles a inexistencia da resolución denegatoria que da orixe a obtención do acceso ao expediente por silencio administrativo. Transcurrido o prazo anterior o concelleiro facilitará o acceso á información solicitada con suxección aos prazos aos que se refire o apartado 3 deste artigo, facendo constar mediante dilixencia escrita dita circunstancia.

2. En todo caso, a denegación do acceso a documentación terá que facerse por resolución motivada e conterá as razóns fundadas en dereito que impidan facilitar a información solicitada.

3. Por outra banda, cando a información solicitada esixa por parte dos servizos correspondentes unha labor de procura de antecedentes, datos e informes que, por razóns tanto cualitativas, como cuantitativas, requiran un período de tempo máis prolongado o máximo responsable do correspondente servizo informará sobre o prazo que se necesite para a subministración material da información requirida, que nunca superará os vinte días hábiles dende a resolución da Alcaldía autorizando o acceso á información ou dende a obtención deste dereito por silencio administrativo.

4. Con independencia da canle que se estableza para remitir a información, os responsables de facilitala serán os órganos xestores dos expedientes en cada caso.

### **ARTIGO 10.**

Non obstante ó disposto no apartado 1 do artigo anterior, os servizos municipais ou os funcionarios correspondentes estarán obrigados a facilitar a información sen necesidade de que o concelleiro acredite estar autorizado nos seguintes casos:

- a) Cando se dea acceso ós concelleiros que ostenten delegacións ou responsabilidades de xestión á información propias das mesmas.



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

b) Cando se trate do acceso de calquera concelleiro á información e a documentación correspondente ós asuntos que haxan de ser tratados polos órganos colexiados do que formen parte, así coma ás resolucións ou acordos adoptados por calquera órgano municipal.

c) Cando se trate do acceso dos concelleiros á información ou documentación do Concello que sexa de libre acceso para os cidadáns. Na súa consecuencia, ten dereito a acceder aos rexistros e documentos que, formando parte dun expediente, obren nos arquivos administrativos, calquera que sexa a forma de expresión, gráfica, sonora ou en imaxe ou o tipo de soporte material en que figuren, sempre que tales expedientes correspondan a procedimentos rematados na data de solicitude.

### **ARTIGO 11.**

1.- A consulta e exame dos expedientes, libros e documentación en xeral regularanse polas seguintes normas:

a) A consulta xeral de calquera expediente ou antecedentes documentais poderá realizarse na oficina ou dependencia onde se atope. A expedición de copias limitarase ós casos ós que se refire o artigo 12.

b) En ningún caso os expedientes, libros ou documentación poderán saír das correspondentes dependencias ou oficinas municipais.

c) A consulta dos libros de actas e os libros de resolucións deberán efectuarse nas dependencias do correspondente servizo onde se custodien.

d) O exame dos expedientes sometidos a sesión poderá facerse unicamente no lugar no que se encontren de manifesto a partir da convocatoria.

2.- A consulta de rexistros informatizados que teñan datos persoais poderá facilitarse ós membros da Corporación mediante autorización da alcaldía, sempre que se garante que só os concelleiros e, no seu caso, os funcionarios do grupo municipal autorizados terán acceso á información e que solo se visualizará por pantalla, non producíndose o seu tratamento, cesión ou transferencia, a menos que o acceso ós datos quede dissociado de modo que a información obtida non poda asociarse á persoa determinada ou determinable, todo elo sen prexuízo das limitacións á consulta que podan resultar do disposto neste regulamento.

3.- Os concelleiros e os membros da Xunta de Goberno Local teñen o deber de gardar reserva en relación coa información que se lles facilite para facer posible o desenvolvemento da súa función. O deber de confidencialidade entenderase só referido á información que non sexa de carácter público.

### **ARTIGO 12.**

1.- Só se facilitará ou permitirá obtención de fotocopias ou copias nos seguintes casos:



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

- a) Cando se autorice expresamente pola alcaldía ou polos respectivos concelleiros delegados.
- b) Cando as solicite o concelleiro que ostente delegacións ou responsabilidades de xestión e se refiran á información propia das mesmas.
- c) Cando se trate da documentación dos asuntos que sexan tratados por órganos colexiados dos que os concelleiros formen parte, segundo a orde do día da sesión convocada.
- d) Cando se trate de resolucións ou acordos adoptados por calquera órgano municipal.
- e) Cando se trate de información ou documentación de libre acceso para os cidadáns tal e como establece o artigo 10 no seu apartado c).

2.- Para a obtención de copias e fotocopias debe terse en conta o seguinte:

- a) Ningún expediente, libro ou documentación pode saír do local ou servizo ou da oficina na que estea, agás para a obtención de copias ou fotocopias polo funcionario responsable.
- b) Os libros de actas e os de resolucións da alcaldía e os xerais de entrada e saída de documentos non poden saír das respectivas oficinas ou, no seu caso, do arquivo xeral, si nel estivesen depositados.
- c) Os expedientes sometidos a sesión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local non poderán saír da secretaria respectiva, onde se poñen de manifesto ós concelleiros a partir da convocatoria.

3. Cando se precise autorización para a obtención de fotocopias ou copias de documentación á que se refire este artigo, o prazo para resolver será de cinco días hábiles a contar dende a solicitude. Entenderase concedida por silencio administrativo no caso de que o Alcalde, o Concelleiro Delegado ou a Xunta de Goberno Local non denegaran motivadamente a solicitude. Si a solicitude se houbera formulado ante a Xunta de Goberno Local, este prazo contarase a partir da data da primeira sesión que se celebrara con posterioridade á recepción da solicitude.

Rematado o prazo para resolver, o concelleiro poderá solicitar do Concelleiro da Área na que se atope a documentación a entrega da mesma. O Concelleiro disporá dun prazo de dous días hábiles para a constatación da inexistencia de resolución e conseguinte concesión da autorización por silencio administrativo e procederá á entrega da mesma nun prazo de vinte días contados dende que se obtivo o dereito a obter as copias ou fotocopias, salvo caso de forza maior que o impida.

4. Son causas denegatorias da expedición de fotocopias ou copias:

- a) Cando en virtude do disposto na lexislación vixente o acceso aos mesmos se atope restrinxido ou limitado.





## Concello de Ourense-Oficialía Maior

b) Cando poda implicar interrupcións ou demoras na tramitación dos procedementos administrativos ou perxudica-lo normal funcionamento dos servizos municipais.

c) Por calquera outra circunstancia que poda apreciar o órgano que teña que resolver e quede suficientemente motivado na súa resolución.

5. As copias dos documentos requeridos se entregarán ao concelleiro solicitante en papel ou ben, noutro tipo de soporte axeitado para albergar datos e imaxes dixitalizadas.

### **ARTIGO 13.**

O persoal eventual e os asesores dos grupos municipais debidamente acreditados polo seu voceiro, poderán acompañar aos concelleiros no acceso a información sempre que non teñan interese no asunto que se trate. Deberán respectar a confidencialidade de toda información á que teñan acceso, sen darlle publicidade que puidera perxudicar os interese da entidade ou de terceiros.

Cando un concelleiro quera acceder á información acompañado de asesor, deberá comunicarllo ao titular da Área mediante escrito asinado polo voceiro do Grupo Municipal e acompañando declaración do asesor de non ter interese no asunto. O titular da Área poderá denegar o acceso do asesor á información cando poidan ter interese directo no asunto ou cando se trate de persoal que por razón do seu cargo interviniera ou poidera intervir na tramitación do expediente.

### **ARTIGO 14.**

A correspondencia oficial interior e a de procedencia externa dirixida ós concelleiros entregarase na sede do respectivo grupo municipal ó propio interesado ou, no seu defecto, a calquera funcionario do mesmo ou membro do grupo.

### **Capítulo III.- Das incompatibilidades e rexistro de intereses.**

### **ARTIGO 15.**

Tódolos membros da Corporación Local así como os membros non electos da Xunta de Goberno Local, o persoal directivo e os funcionarios con habilitación estatal que desempeñen nesta entidade Local posto de traballo cuberto mediante libre designación, formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos e declaracións sobre bens e dereitos patrimoniais.

As declaracións ás que se refire o parágrafo precedente formularanse:

- Antes da toma de posesión.



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

- Con ocasión do cesamento no cargo.
- Ó final do mandato.
- Cando se modifiquen as circunstancias de feito.
- Anualmente.

### **ARTIGO 16.**

Tales declaracións inscribíranse no rexistro de intereses desta entidade, cuxa custodia e dirección corresponde ó secretario Xeral do Pleno.

### **ARTIGO 17.**

As declaracións de bens e actividades presentaranse ó responsable do rexistro de intereses con motivo da renovación da Corporación ou dalgún dos seus membros, antes da toma de posesión, por aqueles que resulten proclamados ou nomeados, aínda que xa formulasen declaración en mandato anterior.

As funcións de levar e custodiar o rexistro de intereses dos membros da corporación, serán exercidas polo secretario Xeral do Pleno.

### **ARTIGO 18.**

1.- Sempre que se produza algunha variación respecto do declarado deberá formularse declaración adicional no prazo dun mes dende o día no que se produciu, expresando as alteracións feitas.

2.- O prazo de presentación das declaracións con ocasión do cese da Corporación será a partir do momento no que expire o mandato corporativo ata a data na que os concelleiros cesen no exercicio das súas funcións para a administración ordinaria. No suposto de renuncia, dende a data de presentación do correspondente escrito ata que o Pleno municipal coñeza a mesma e declare a vacante. Nos casos de perda da condición de concelleiro por decisión xudicial ou incompatibilidade, dende que se notifique ó interesado a resolución correspondente ata que a Corporación declare a vacante.

3.- O prazo de presentación anual coincidirá co prazo de presentación da declaración do Imposto sobre a Renda.

4.-As declaracións publicaranse anualmente durante a segunda quincena do mes de xullo na páxina web municipal.

5. En aras da transparencia municipal publicarase na web municipal do concello a seguinte información:



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

- a) As bases de execución do orzamento municipal no que figure:
- As retribucións dos membros da corporación (alcalde, concelleiros, membros non electos da Xunta de Goberno Local e directores xerais).
  - As indemnizacións en concepto de asistencias a órganos colexiados (pleno, xunta de goberno local, comisións de pleno e xuntas de área).
  - As dotacións económicas asignadas a cada grupo municipal.
- b) A relación de todos os postos de persoal eventual coa indicación da súa adscripción.

### **ARTIGO 19.**

As declaracións deberán formularse consonte ós modelos aprobados polo Pleno Municipal e poderán formalizarse ante o seu secretario xeral.

Os representantes locais e membros non electos da Xunta de Goberno local respecto ós que, en virtude do seu cargo, resulte ameazada a súa seguridade persoal ou a dos seus bens ou negocios, a dos seus familiares, socios, empregados ou persoas con quen tiveran relación económica ou profesional poderán realizar a declaración dos seus bens e dereitos patrimoniais ante o secretario ou a secretaria da Deputación Provincial de Ourense ou, no seu caso, ante o órgano competente da Xunta de Galicia.

Neste suposto, achegarán ó secretario ou Secretaria Xeral do Pleno do Concello mera certificación simple e sucinta, acreditativa do cumprimento das súas declaracións, e que estas están inscritas no Rexistro Especial de Intereses a que se refire o parágrafo anterior.

### **ARTIGO 20.**

1.- Na declaración relativa a causas de posible incompatibilidade e actividades farase constar:

- a) As actividades que constitúen causa de posible incompatibilidade.
- b) As actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos, sexan profesionais, mercantís ou industriais ou doutra natureza, por conta propia ou allea, incluída a administración da súa facenda ou patrimonio, expondo, no seu caso, nome ou razón social da empresa e emprego ou cargo que desempeña.

2.- A declaración de bens patrimoniais comprenderá:

- a) Tódolos bens inmobles e os mobles de carácter histórico ou artístico ou de considerable valor económico integrantes do patrimonio persoal, debidamente identificados, con expresión da data de adquisición e, no seu caso, con indicación dos datos da inscrición rexistral.



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

b) Valores mobiliarios, debidamente identificados, mencionando o seu valor nominal e a entidade á que corresponden.

c) Participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e da liquidación dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades.

### **ARTIGO 21.**

As declaracións ás que se refiren os artigos precedentes inscribíranse no libro de rexistro de intereses, cunha sección para cada tipo de declaración, que estará previamente foliado e encadernado.

### **ARTIGO 22.**

1.- As inscricións referiranse a cada declaración formulada por orde correlativo de presentación e contenderán as referencias ós seguintes extremos:

- Número de orde.
- Data de rexistro.
- Data da declaración.
- Nome e apelidos do declarante.

2.- Na declaración inscrita constará o número de orde correspondente ó libro de rexistro de intereses.

### **ARTIGO 23.**

As declaracións inscritas no libro de rexistro de intereses serán arquivadas segundo a orde da súa inscrición e conservadas e custodiadas como documento do rexistro de intereses. As dos membros de cada Corporación serán encadernadas ó finalizar o seu mandato.

### **ARTIGO 24.**

1.- Os rexistros contemplados neste capítulo teñen carácter público. Para o acceso ós datos contidos nestes rexistros rexerán as seguintes regras:

Calquera cidadán a título individual ou en representación de persoa xurídica que desexe coñecer as declaracións, deberá presentar no Rexistro Xeral ou polos medios do artigo 38 da Lei 30/1992, unha solicitude que reúna os requisitos que establece o artigo 70 da mesma Lei, con indicación dos datos persoais do membro corporativo sobre cuxa declaración se interesa consulta. As solicitudes xenéricas non son admisibles.



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

Non é necesario que concorra no peticionario requisito ou condición especial ou cualificada (interese directo ou lexítimo).

2.- As solicitudes de acceso ós rexistros resolveraaas o alcalde e a publicidade farase efectiva mediante comparecencia do solicitante ante o funcionario competente que lle exhibirá as declaracións correspondentes.

3.- Se se solicitara certificado, expedirao o secretario xeral do Pleno co visto e praxe do alcalde.

4.- As regras contidas nos apartados deste artigo son de aplicación ós membros da Corporación.

### **Capítulo IV.- Dos Grupos políticos.**

#### **ARTIGO 25.**

1.- Para os efectos da súa actuación corporativa, os concelleiros integraranse nos grupos políticos que se constituían, conforme a cada formación electoral pola que foron elixidos. En ningún caso poderán constituír grupo municipal separado concelleiros que concorreran electoralmente na mesma lista.

2.- Os concelleiros que non se integren no grupo político que constituía a formación electoral pola que foron elixidos ou que abandonen o seu grupo de procedencia, terán necesariamente a consideración de membros corporativos non adscritos.

Os membros non adscritos unicamente poderán participar no Pleno e nas súas comisións.

3.- Cando a maioría dos concelleiros dun grupo político municipal abandone a formación política que presentou a súa candidatura pola que concorreron ás eleccións ou sexan expulsados da mesma, serán os concelleiros que permanezan na citada formación os lexítimos integrantes de dito grupo político para tódolos efectos.

O secretario Xeral do Concello Pleno poderá dirixirse ó representante legal da formación política que presentou a correspondente candidatura, ós efectos de que acredite as circunstancias sinaladas.

#### **ARTIGO 26.**

1.- A constitución dos grupos municipais comunícanse mediante escrito dirixido ó alcalde dentro dos cinco primeiros días seguintes á sesión constitutiva da Corporación.

2.- No escrito de comunicación, que irá asinado por tódolos concelleiros que constituían o grupo, farase constar a súa denominación e os nomes de tódolos seus membros, do seu voceiro e dos adxuntos pola súa orde, a efectos de substitución.



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

3.- Os concelleiros que adquiren a súa condición con posterioridade á sesión constitutiva da Corporación, incorporaranse ó grupo municipal constituído polos da súa mesma formación electoral dentro dos cinco días seguintes á adquisición de dita condición. No escrito de comunicación ó alcalde, constará a aceptación do voceiro do grupo municipal correspondente. No suposto de non producirse dita incorporación, pasarán automaticamente a ser considerados como non adscritos.

4.- A baixa dos concelleiros nun grupo municipal deberá ser comunicada ó alcalde polo concelleiro afectado ou polo voceiro do grupo e terá efectos a partir do momento de recibirse esta comunicación.

5.- O alcalde dará conta ó Concello Pleno dos escritos relativos á constitución dos grupos municipais, ou das súas modificacións, na primeira sesión que se celebre.

### **ARTIGO 27.**

1.- A alcaldía, ou o concelleiro delegado correspondente asignará a cada grupo municipal un despacho ou local, así como mobiliario e equipamento informático, de acordo coas posibilidades existentes e proporcional á importancia numérica do grupo, sen prexuízo da utilización doutros espazos municipais para mellor desenvolvemento da súa función.

2.- Mediante acordo plenario, os grupos municipais poderán dispor dunha dotación económica, fixada anualmente no orzamento, que se distribuirá entre os respectivos grupos con arranxo ós criterios que se sinalen na adopción do acordo habilitante.

3.- As dotacións económicas que se perciban non poderán destinarse ó pago de renumeracións de persoal de calquera tipo ó servizo da corporación municipal ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

### **ARTIGO 28.**

Os dereitos políticos e económicos dos membros non adscritos non poderán ser nunca superiores ós que lles correspondera de integrarse ou permanecer no grupo de procedencia.

Os tempos de intervención no Pleno, nos que necesariamente deban estar representados os grupos políticos, serán proporcionais ós que lles correspondera de adscribirse ou permanecer no grupo correspondente.

Non terán en ningún caso dereito a asignación de funcionarios de emprego, ni económica, agás a que individualmente lles corresponda como indemnización por asistencia.

## **TÍTULO III**

### **O ALCALDE**

#### **Capítulo I.- Elección.**



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

### ARTIGO 29.

1.- A elección e a destitución do alcalde réxense polo establecido na lexislación electoral, sen prexuízo da aplicación das normas relativas ó réxime de sesións plenarias do concello e tendo en conta as regras seguintes:

Primeira: Ós concelleiros faráselle entrega dunha papeleta por cada unha das candidaturas e unha máis en branco e dun sobre. Introducirán unha papeleta no sobre, pechándose este. A medida que sexan chamados, entregarán o sobre contendo a papeleta ó Presidente da Mesa, quen o depositará na urna.

Segunda: Só pode emitirse voto a favor dalgún dos candidatos á alcaldía agás que, finalizada a lectura destas regras, algún deles manifeste a súa renuncia.

Terceira: Unha vez rematada a votación, a mesa procederá ó escrutinio, estimándose nula a papeleta que anote máis dun nome, non exprese o nome dun dos candidatos, non sexa lexible ou ofrezca dúbida racional sobre a identidade do candidato votado. Considerarase voto en branco si o sobre non contivese papeleta ou ésta se presentara en branco. Si un sobre contivese máis dunha papeleta con distinto nome será nulo o voto que se emitira nel, agás que as papeletas estivesen en branco, en cuxo suposto entenderase por tal o voto.

Cuarta: Finalizado o escrutinio a mesa anunciará o resultado e proclamará alcalde a quen houbese obtido a maioría absoluta de votos e, en caso de non darse esta circunstancia en favor de ningún dos candidatos, ó concelleiro que encabece a lista que houbera obtido maior número de votos populares no municipio.

Quinta: Se houbese reclamacións, a mesa resolverá no acto sobre as mesmas, sen prexuízo dos recursos procedentes por parte do reclamante ou reclamantes.

Sexta: Se non houbese reclamacións ou o reclamante, ou reclamantes, manifestaran a súa conformidade expresa á resolución desta pola mesa, serán destruídas as papeletas inmediatamente. Noutro caso, uniranse ó expediente da sesión, debidamente rubricadas polo Presidente da Mesa e polo Secretario da mesma.

2.- Quen resulte proclamado alcalde tomará posesión ante o Pleno da Corporación e na forma establecida para a toma de posesión dos cargos públicos.

3.- Poderá o alcalde renunciar ó seu cargo sen perder por iso a condición de concelleiro.

4.- No suposto de que prospere unha moción de censura contra o alcalde, éste cesará no seu cargo no momento da adopción do acordo, tomando posesión de dito cargo na forma que establece o apartado 2 deste artigo, quen resultase proclamado como alcalde.



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

5.- No caso de vacantes da alcaldía, en defecto de tenentes de alcalde, asumirá accidentalmente a mesma o concelleiro máis antigo no período do mandato corporativo e, entre ós de igual antigüidade, o de maior idade.

### **ARTIGO 30.**

1.- O alcalde como máxima representación do municipio preside tódolos actos públicos que se celebren no termo municipal, sen prexuízo do disposto na normativa do protocolo.

2.- O alcalde dirixe o goberno e a Administración municipal. É responsable da súa xestión política ante o Concello Pleno.

### **Capítulo II.- Competencias.**

### **ARTIGO 31.**

Corresponde ó alcalde o exercicio das seguintes atribucións:

- a) Representar ó Concello.
- b) Dirixir a política, o goberno e a Administración municipal, sen prexuízo da acción colexiada de colaboración na dirección política que, mediante o exercicio das funcións executivas e administrativas que lle son atribuídas pola lei, realice a Xunta de Goberno Local.
- c) Establecer directrices xerais da acción de goberno municipal e asegurar a súa continuidade.
- d) Convocar e presidir as sesións do Pleno e as da Xunta de Goberno Local e decidir os empates con voto de calidade.
- e) Nomear e cesar ós tenentes de alcalde e ós presidentes dos distritos.
- f) Ordenar a publicación, execución e cumprimento dos acordos dos órganos executivos do concello.
- g) Ditar bandos, decretos e instrucións.
- h) Adoptar as medidas necesarias e adecuadas nos casos de extraordinaria e urxente necesidade, dando conta inmediata ó Pleno.
- i) Exercer a superior dirección do persoal ó servizo da administración municipal.
- j) A xefatura da policía local.





## Concello de Ourense-Oficialía Maior

- k) Estabelecer a organización e estrutura da administración municipal executiva, sen prexuízo das competencias atribuídas ó Pleno en materia de organización municipal, de acordo co disposto no paragrafo c) do apartado 1 do artigo 123 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local. (LRBRL)
- l) O exercicio das accións xudiciais e administrativas en materia da súa competencia e, en caso de urxencia, en materias da competencia do Pleno, neste suposto dando conta ó mesmo na primeira sesión que celebre para a súa ratificación.
- m) As facultades de revisión de oficio nos seus propios actos.
- n) A autorización e disposición de gastos en materias da súa competencia.
- ñ) As demais que lle atribúan expresamente as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou da Comunidade Autónoma asignen ó municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

### **ARTIGO 32.**

O alcalde poderá facer públicas as súas recomendacións ou decisións que afecten a poboación por medio de bandos, que serán publicados para a información dos cidadáns no taboleiro de anuncios do concello e nos sitios de costume do municipio.

### **Capítulo III.- Tenentes de Alcalde.**

#### **ARTIGO 33.**

- 1.- Os tenentes de alcalde substitúen a éste pola orde do seu nomeamento, nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, mediante o correspondente decreto de substitución.
- 2.- Cando o alcalde se ausente do termo municipal por máis de vinte e catro horas sen haber conferido a delegación ou non a fixera por imposibilidade física substituirao ó tenente de alcalde que lle corresponda.

#### **ARTIGO 34.**

- 1.- Os tenentes de alcalde son nomeados e revocados libremente polo alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local. Diso deberá dar conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.
- 2.- A condición de tenente alcalde pérdese por:
  - a) Decreto de alcaldía decidido o cesamento.
  - b) Renuncia expresa manifestada por escrito.



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

c) Perda da condición de membro da Corporación.

### Capítulo IV.- Delegacións do alcalde.

#### ARTIGO 35.

1.- O alcalde poderá delegar con carácter xenérico as competencias referidas no artigo 31 do presente regulamento na Xunta de Goberno Local, nos seus membros, nos demais concelleiros e, no seu caso, nos coordinadores xerais, directores xerais ou órganos semellantes, con excepción das sinaladas nos parágrafos b), e), h) e j), así como a de convocar ou presidir a Xunta de Goberno Local, decidir os empates con voto de calidade e a de ditar bandos. As atribucións previstas nos parágrafos c) e k) só serán delegadas na Xunta de Goberno Local.

2.- A resolución de delegación farase por decreto da alcaldía e establecerá o ámbito da mesma, as potestades que se deleguen e as condicións específicas do exercicio da facultade delegada, si é que son diferentes ás condicións xerais.

3.- A delegación de atribucións do alcalde requirirá para ser eficaz a súa aceptación por parte do delegado. A delegación entenderase tácitamente aceptada si no termo de tres días hábiles, contados dende a notificación da delegación, o concelleiro non presenta ante o alcalde unha renuncia expresa á mesma.

4.- Tanto o decreto da delegación coma o decreto da revogación serán comunicados polo alcalde ó Pleno na primeira sesión e publicados no *Boletín Oficial da Provincia* para efectos do seu coñecemento.

#### ARTIGO 36.

1.- O alcalde poderá facer delegacións especiais para cometidos específicos que poderán referirse ó impulso e dirección política de:

- a) Un proxecto ou asunto determinado.
- b) Un servizo.
- c) Un barrio ou espazo urbano determinado.

2.- En ningún caso estas delegacións comprenderán a facultade de adoptar decisións administrativas que afecten a terceiros.

#### ARTIGO 37.



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

1.- Si non se dispón doutra cousa, o alcalde conservará as seguintes facultades de tutela en relación ca competencia delegada:

- a) Recibir información detallada da xestión da competencia e dos actos e disposicións emanados por consecuencia da delegación.
- b) Ser informado previamente á adopción de decisións de transcendencia.

2.- No suposto de abrogación de competencias delegadas, o alcalde poderá revisar as resolucións adoptadas polo delegado nos mesmos casos e cas mesmas condicións establecidas para a revisión de oficio dos actos administrativos.

### **Capítulo V.- Os decretos de alcaldía.**

#### **ARTIGO 38.**

1.- As resolucións do alcalde que non sexan de mero trámite, materializaranse formalmente mediante decretos, que serán comunicados a cantos teñan interese directo ou lexítimo no decretado, e dos mesmos darase conta ó Pleno da corporación municipal na seguinte sesión ordinaria que éste celebre.

2.- Os decretos serán asinados polo alcalde e por aqueles outros órganos ós que se lle transferira tal competencia por delegación, deberán estar rubricados á marxe polo funcionario responsable da tramitación do expediente, acreditando con isto o coñecemento da resolución a que se refira.

3.- Na secretaría xeral levarase un libro de resolucións do alcalde, dito libro confeccionarase de conformidade co previsto nos artigos 198 e 199 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro; polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

4.- Ditaranse as instrucións necesarias para que os decretos se estendan no papel normalizado, e as demais que se estimen convintes para garantir a integridade e fidelidade da transcripción.

5.- Con independencia do libro de decretos, levarase un rexistro de extractos de decretos.

6.- Os actos de trámite ditados pola alcaldía, ou no seu caso polos tenentes de alcalde ou concelleiros delegados, no ámbito das súas competencias, adoptarán a forma de providencia, e non será obrigatorio o seu rexistro.

### **TÍTULO IV**

#### **O CONCELLO PLENO**



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

### *Capítulo I.- Disposicións Xerais*

#### **ARTIGO 39.**

1.- O Pleno, formado polo alcalde e os concelleiros, é o órgano de máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal.

2.- Ó Pleno correspóndenlle as competencias que a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, atribúe ó Pleno do concello dos municipios de gran poboación e das demais que expresamente lle confiran as leis.

3.- Ademais das comisións de reclamacións e suxestións, a especial de contas e aquelas outras que legalmente se establezan, o Pleno disporá dunha ou máis comisións, que estarán formadas polos membros que designen os grupos municipais en proporción ó número de concelleiros que teñan no Pleno.

4.- O órgano de dirección do Pleno é a presidencia, que no desenvolvemento das súas funcións contará coa asistencia da secretaría xeral do pleno e a xunta de voceiros.

#### **ARTIGO 40.**

O Concello Pleno celebrará as sesións na Casa Consistorial. Só no caso de forza maior ou acontecementos relevantes, libremente apreciados polo alcalde, poderá ser convocado noutro edificio especialmente habilitado ó efecto.

#### **ARTIGO 41.**

As sesións do Concello Pleno con carácter xeral serán públicas e daráselle a adecuada publicidade e difusión ás mesmas, para coñecemento e posible asistencia dos cidadáns. Non obstante, poderán celebrarse a porta pechada o debate e a votación daqueles asuntos que poidan afectar ós dereitos fundamentais dos cidadáns, relativos ó honor, á intimidade persoal ou familiar e á propia imaxe garantidos pola constitución, cando así se acorde por maioría absoluta.

#### **ARTIGO 42.**

O Concello Pleno poderá delegar na comisión que corresponda por razón da materia a resolución dos asuntos da súa competencia referidos nos apartados d), k), m) e ñ) do artigo 123.1 da Lei 7/1985, así como outros que expresamente lle atribúan as leis, si éstas non as cualifican de indelegables ou así resulta da súa propia natureza.

### **Capítulo II.- A Presidencia do Pleno.**



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

### **ARTIGO 43.**

- 1.- Na súa condición de órgano de dirección do Pleno, a presidencia asegura a boa marcha dos seus traballos, convoca e preside as sesións, dirixe os debates e mantén a orde dos mesmos.
- 2.- A presidencia desempeña así mesmo tódalas demais funcións que lle confiran as leis e este Regulamento.
- 3.- A presidencia do Pleno correspóndelle ó titular da alcaldía, quen poderá delegala, cando o estime oportuno, nun dos concelleiros.
- 4.- En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, si a alcaldía non delegara a presidencia, ésta será substituída por un tenente de alcalde, atendendo a orde do seu nomeamento.
- 5.- Si a presidencia estivera delegada, a suplencia axustarase ós termos previstos na delegación.
- 6.- A suplencia producirase sen necesidade dun acto declarativo expreso ó respecto, debéndose dar conta ó Pleno desta circunstancia.

### **Capítulo III.- Secretaría Xeral.**

### **ARTIGO 44.**

- 1.- O Pleno contará cun secretario xeral, que o será tamén das súas comisións, a quen lle corresponderá, baixo a dirección da presidencia, a asistencia, apoio e asesoramento xurídico, técnico e administrativo de ditos órganos.
- 2.- O titular da secretaría xeral do Pleno ten carácter de órgano directivo e o seu nomeamento correspóndelle ó alcalde, nos termos previstos pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- 3.- A Secretaría Xeral do Pleno esta integrada polo seu titular e o persoal municipal no que se estruturen as diferentes unidades e servizos dependentes daquela.
- 4.- Nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou cando concorra calquera outra causa que imposibilite ó titular da secretaría o exercicio das súas funcións, as mesmas serán desempeñadas polo Oficial Maior, si o houbese, ou por o funcionario a quen corresponda por delegación ou substitución.

### **ARTIGO 45.**

- 1.- Corresponderán ó titular da secretaría xeral do Pleno as seguintes funcións:



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

a) A función de fe pública respecto das actuacións do Pleno e das súas comisións. A este respecto corresponderanlle, entre outras funcións, a redacción e custodia das actas, así como a supervisión e autorización das mesmas, co visto e prace da presidencia do Pleno, e a expedición, co visto prace da presidencia, das certificacións dos actos e acordos que se adopten.

b) A asistencia á presidencia para asegurar a convocatoria das sesións, a orde nos debates e a correcta celebración das votacións así como a colaboración no normal desenvolvemento dos traballos do pleno e as comisións.

c) A comunicación, publicación e execución dos acordos plenarios, incluída a remisión á Administración do Estado e á Administración Autonómica da copia ou, no seu caso, extracto, dos actos e acordos do Pleno.

d) O asesoramento legal ó Pleno e ás comisións, que será preceptivo nos seguintes supostos:

1º Cando así o ordene a presidencia ou cando o solicite un terzo dos seus membros con antelación suficiente á celebración da sesión no que o asunto houbera de tratarse.

2º Sempre que se trate de asuntos sobre materias para as que se esixa unha maioría especial.

3º Cando unha lei así o esixa nas materias da competencia plenaria.

4º Cando no exercicio da función de control e fiscalización dos órganos de goberno, o solicite a presidencia ou a cuarta parte, polo menos, dos concelleiros.

5º No suposto do exercicio da iniciativa popular prevista na lexislación de réxime local.

e) As funcións que a lexislación electoral asigna ós secretarios dos concellos.

f) O mantemento e custodia do rexistro de intereses de membros da corporación.

g) A dirección do funcionamento do rexistro do Pleno.

2.- A Secretaría Xeral do Pleno exercerá as súas funcións con autonomía, independencia, obxectividade e imparcialidade.

### **ARTIGO 46.**

Da Secretaría Xeral dependerá un rexistro singular dedicado ó asento das iniciativas e a entrada e saída dos documentos relacionados có Pleno e as súas comisións.



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

En todo o non previsto expresamente no presente Regulamento, o réxime de presentación dos documentos relativos ó Pleno e as súas comisións, será o establecido na lexislación estatal sobre o procedemento administrativo común.

### **ARTIGO 47.**

1.- As solicitudes de informe da secretaría xeral do Pleno deberán presentarse no rexistro xeral do Concello e se dirixirán ó alcalde Presidente. O informe emitido será posto en coñecemento dos concelleiros solicitantes a través da alcaldía.

O disposto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo dos informes verbais que poida emitir o secretario xeral no transcurso dunha sesión do Pleno a requirimento da presidencia. Como norma xeral a petición de informe ó secretario xeral do Pleno non suspenderá por si mesma a tramitación administrativa dun asunto ou expediente, agás no previsto no suposto do artigo 45.1 d.

2.- O prazo para a emisión dos informes que corresponda emitir á secretaría xeral do Pleno será de dez días, sempre que obre en dita secretaría a documentación e antecedentes necesarios para a súa emisión.

### **Capítulo IV.- Xunta de Voceiros.**

#### **ARTIGO 48.**

1.- A Xunta de Voceiros, baixo a presidencia do alcalde, ou concelleiro no que delegue, está integrada polos voceiros dos grupos municipais.

2.- Quedará constituída por resolución do presidente, tan pronto como se formulara a designación dos seus integrantes.

3.- A convocatoria farase por quen teña que presidila e cursarase, como mínimo, con 24 horas de antelación e incluírá a orde do día dos asuntos a tratar.

4.- As modificacións da súa composición axustaranse ó mesmo trámite.

#### **ARTIGO 49.**

A Xunta de Voceiros configúrase como un órgano consultivo do Concello para o funcionamento e desenvolvemento de cuestións e actividades municipais, tales como: declaracións institucionais, relacións con outras administracións, decisións políticas, actuacións conxuntas, coordinación de funcións e impulso de actividades.

### **Capítulo V.- Das comisións.**

#### ***Sección primeira.- Das Comisións de Pleno.***



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

### ARTIGO 50.

1.- En virtude do disposto na lexislación de réxime local, en uso da potestade de autoorganización deste Excmo. Concello de Ourense, créanse como órganos complementarios do Pleno a Comisión ou Comisións Municipais Delegadas de Pleno que se denominarán “Comisións de Pleno” có número, atribucións e periodicidade que acorde o Pleno por maioría simple.

2.- Corresponderanlle ás Comisións de Pleno as seguintes funcións:

- a) O estudo, informe ou consulta dos asuntos que sexan sometidos á decisión do Pleno.
- b) O seguimento da xestión do alcalde e do seu equipo de goberno, sen prexuízo do superior control e fiscalización que, con carácter xeral, lle corresponda ó Pleno.
- c) Aquelas que o Pleno lles delegue, dacordo có disposto na lei.

3.- En todo caso, serán de aplicación a estas Comisións de Pleno as previsións contidas para o Pleno no artigo 46.2, parágrafo b), c) e d), da LRBRL.

4.- No seo de cada unha das Comisións de Pleno poderase acordar a creación de grupos de traballo para o estudo concreto dalgunha materia. O seu carácter será non permanente, creándose “ad hoc” para un cometido concreto e disolvéndose ó finalizar o encomendado.

5.- Na orde do día das sesións das Comisións de Pleno, terá que quedar claramente diferenciada a parte da sesión destinada ó ditame de asuntos a someter ó Pleno, e a parte da mesma destinada a dar cumprimento ó seguimento da xestión do alcalde, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostentan delegacións, sen prexuízo das competencias de control que correspondan ó Pleno. Igualmente, darase conta das resolucións da alcaldía, ou concellerías delegadas, que no seu caso podan ser ditadas en materia obxecto da Comisión de Pleno, desde a última sesión plenaria, e estableceranse sempre, nas sesións ordinarias, unha quenda de rogos e preguntas.

6.- O ditame da Comisión de Pleno é preceptivo para os acordos do Pleno, excepto nos seguintes casos:

- a) Sesións urxentes.
- b) Asuntos fóra da orde do día.
- c) Ratificación de acordos ou decretos adoptados por razón de urxencia.
- d) Asuntos dos que se dea conta ó Pleno para coñecemento.
- e) Asuntos no que así o determine a alcaldía por razóns de interese público municipal, de urxencia, ou por ser fundamentalmente regrados e que sexan debidamente motivados.





## Concello de Ourense-Oficialía Maior

### f) Mocións e declaracións institucionais.

En todo caso, a inclusión na orde do día nunha sesión plenaria dun asunto non sometido a Comisión de Pleno, requirirá a ratificación de dita inclusión, por maioría simple do Pleno, con carácter previo ó estudio, deliberación e votación do mesmo.

7.- O alcalde será presidente nato das Comisións de Pleno, podendo designar a un concelleiro para que desempeñe a presidencia efectiva das mesmas.

8.- As Comisións de Pleno estarán integradas, ademais de polo presidente, por o número de concelleiros que se determine na primeira sesión plenaria seguinte á da súa constitución. Tódalas Comisións de Pleno gardarán na súa composición a mesma representación que teñan os grupos políticos no Pleno.

9.- Os grupos políticos poden substituír a un ou varios dos seus membros adscritos a unha comisión por outro ou outros do mesmo grupo, previa comunicación por escrito ó presidente da comisión. Si a substitución fose só para un determinado asunto, debate ou sesión, a comunicación farase verbalmente ou por escrito ó presidente da comisión e, si nela se indicase que ten carácter meramente eventual, o presidente admitirá como membro da comisión, indistintamente, ó substituto ou ó substituído.

10.- No caso de que pola natureza do asunto o requira, e a proposta do presidente, poderá asistir con voz pero sen voto, á sesión correspondente da Comisión de Pleno, o concelleiro responsable da área afectada.

11.- O Secretario Xeral serao tamén das Comisións de Pleno, pero poderá delegar para cada unha das comisións en funcionarios de habilitación nacional ou da administración xeral do Concello.

12.- Correspóndelle ó Secretario Xeral, ou a quen faga as súas veces, redactar os ditames que emita a correspondente comisión, asesorala cando sexa requirido polo presidente, tomar nota dos expedientes que se envían á mesma e coidar de que sexan devoltos.

13.- O Secretario asistirá ás sesións das Comisións de Pleno con voz pero sen voto.

14.- As Comisións de Pleno deliberarán e ditaminarán asuntos da súa competencia, agás que se trate de cuestións nas que concorran as competencias de varias delas, en cuxo caso, debaterase nunha sola comisión, a determinar polo alcalde ou polo presidente efectivo.

15.- O alcalde convocará e celebrará sesións conxuntas de dous ou máis Comisións de Pleno cando así se estime conveniente, dada a natureza do asunto ou expediente a tratar.

16.- O alcalde ou os presidentes efectivos das Comisións de Pleno poderán requirir a asistencia ás sesións de calquera concelleiro para que informe sobre un tema concreto; igualmente, poderán requirir a asistencia de calquera funcionario para información ou asesoramento específicos, dada a natureza do asunto ou expediente a tratar.



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

17.- A data e hora de celebración das sesións das comisións deberán coordinarse ó fin de que non se celebren simultaneamente.

### *Sección segunda.- Das Comisións Especiais de Pleno.*

#### **ARTIGO 51.**

##### *A Comisión Especial de Contas.*

1.-De conformidade co disposto nos artigos 20 e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, existirá unha Comisión Especial de Contas, cuxa composición e funcionamento axustarase o establecido para as demais Comisións de Pleno.

2.-Corresponderá a esta comisión, o exame, estudio e ditame da conta xeral que deba aprobar o Pleno da corporación, de acordo co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das entidades locais.

#### **ARTIGO 52.**

##### *A Comisión de Suxestións e Reclamacións.*

1.- Para a defensa dos dereitos dos veciños ante a administración municipal, o Concello Pleno creará a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións, integrada por representantes de tódolos grupos, de forma proporcional a súa presenza no mesmo.

2.- A determinación do número de membros, designación, comunicación e efectiva constitución responderá ás mesmas regras que as Comisións Delegadas do Pleno, reguladas neste Regulamento.

3.- A presidencia da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións corresponde ó alcalde, quen poderá delegala nun concelleiro ou órgano directivo. Será secretario da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións o Secretario Xeral do Pleno e as súas Comisións.

4.- A existencia da Comisión será compatible coa de outras institucións ou figuras que teñan como misión a defensa dos veciños.

#### **ARTIGO 53.**

1.- Corresponde á Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións defender os dereitos dos veciños nas súas relacións coa administración municipal, supervisar a actuación desta, proponendo accións de mellora e ditaminar as queixas que de conformidade co disposto neste regulamento os veciños dirixan.

2.- Recoñécenselle á comisión poderes para ordenar e facer cumprir a través do seu presidente, investigacións sobre o funcionamento dos servizos, inspeccións das distintas unidades



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

administrativas, así como requirir a comparecencia de calquera persoa pertencente ó colectivo da administración municipal que puidera dar información relacionada có asunto a investigar.

3.- Tódolos órganos de goberno e da administración municipal están obrigados a colaborar coa Comisión de Suxestións e Reclamacións.

4.- No exercicio das súas funcións, a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións aprobará e difundirá as recomendacións ou suxestións pertinentes, si ben non poderá modificar nin anular resolucións ou actos administrativos.

### **ARTIGO 54.**

1.- A Comisión de Suxestións e Reclamacións dará conta anualmente ó Concello Pleno da xestión realizada nun informe que presentará perante o mesmo.

2.- A comisión no seu informe anual dará conta do número e tipoloxía das suxestións e reclamacións dirixidas á administración municipal, das queixas presentadas, así como das deficiencias observadas no funcionamento dos servizos municipais, con exposición das suxestións ou recomendacións non admitidas pola administración municipal. Poderá igualmente avaliar o grao de cumprimento dos compromisos asumidos polo Concello en cartas de servizos ou de outros sistemas, así como formular recomendacións xerais para a mellora dos servizos públicos e a atención ó cidadán.

3.- No informe anual nunca constarán os datos persoais dos implicados.

4.- Un resumo do informe será exposto polo presidente da Comisión ante o Concello Pleno, podendo intervir os grupos municipais a efectos de fixar a súa posición. O informe será publicado.

5.- A comisión poderá realizar informes extraordinarios cando a gravidade ou a urxencia dos feitos o aconselle.

### **ARTIGO 55.**

1.- Tódolos cidadáns teñen dereito a presentar suxestións e reclamacións á Administración Municipal. Presentarase no rexistro xeral, sendo recepcionadas e tramitadas pola oficina de participación cidadá. Este remitirá mensualmente un listado de reclamacións ou suxestións á comisión, especificando o servizo afectado, trámites realizados e solucións adoptadas.

2.- Cando un cidadán, transcorridos tres meses dende a presentación da suxestión ou reclamación non recibira contestación algunha ou cando a contestación non resultara satisfactoria, poderá dirixirse en queixa á Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións.

3.- A comisión estudará as queixas procedentes, adoptando as medidas pertinentes conforme ó disposto nos artigos anteriores. En todo caso informarase das súas actuacións ó interesado no prazo máximo de tres meses dende a súa recepción.



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

### **ARTIGO 56.**

1.- A Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións poderá propoñer a designación de persoal técnico e auxiliar para a preparación dos traballos e informes en materia das súas atribucións. Este persoal traballará con datos e análises de cumprimento de obxectivos, indicadores de xestión e enquisas. Recibirá instrucións da comisión por conduto do secretario.

2.- O Negociado de participación cidadá prestará a súa colaboración material e facilitará toda a información e medios á Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións por conduto do seu secretario.

### **Capítulo VI.- As sesións.**

#### **Sección primeira.- Réxime Xeral.**

### **ARTIGO 57.**

As sesións plenarias serán públicas. Por acordo da maioría absoluta da corporación, poderán ser declarados secretos o debate e a votación daqueles asuntos que poidan afectar o dereito fundamental dos cidadáns ó que se refire o artigo 18.1 da Constitución Española.

### **ARTIGO 58.**

1. Para a asistencia do público ás sesións, condicionado ao aforo da tribuna habilitada para este fin, será requisito indispensable o cumprimento das formalidades que en cada momento sinala a Presidencia.

2. Como norma xeral, agás autorización expresa do presidente, o público asistente non poderá intervir nestas, si ben en materia de participación veciñal estarase ó que no seu caso dispoñan as leis ou disposicións sectoriais especiais do mesmo rango que o presente regulamento.

3. Os medios de comunicación social, debidamente acreditados, poderán asistir ás sesións públicas nas condicións que ao efecto se fixen pola Presidencia, e, en todo caso, dende os lugares a eles asignados.

#### **Sección Segunda.- Clases de Sesións.**

### **ARTIGO 59.**

As sesións do Pleno poden ser ordinarias, extraordinarias e extraordinarias con carácter urgente.

### **ARTIGO 60.**

1.- O Pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo unha vez cada mes.



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

2.- O Pleno determinará a data e horario de celebración das sesións ordinarias. Para modificar con carácter excepcional, a data e hora de celebración da seguinte sesión ordinaria, requirirase acordo plenario. De non existir éste convocarase sesión extraordinaria en substitución da ordinaria correspondente.

### **ARTIGO 61.**

1.- As sesións plenarias convocaranse, polo menos, con dous días hábiles de antelación, agás as extraordinarias que fosen con carácter urxente.

2.- As notificacións incluírán a orde do día comprensivo dos asuntos da convocatoria que traten e realizaranse no domicilio que a tal efecto designaran os concelleiros. De non ser designado, realizarase no seu despacho oficial ou na oficina do grupo municipal correspondente, entregándose ó voceiro do mesmo ou, no seu caso, ó concelleiro ou funcionario do grupo que estivese presente.

3.- Ás sesións plenarias serán convocados para asistir con voz pero sen voto:

- O interventor xeral.
- Os membros da Xunta de Goberno que non ostenten a condición de concelleiro.

Os funcionarios responsables da secretaría e da intervención poderán intervir cando fosen requiridos polo presidente por razóns de asesoramento técnico ou aclaración de conceptos. Cando ditos funcionarios entendan que no debate se expoña algunha cuestión sobre a que poida dubidarse sobre a legalidade ou repercusións presupostarias do punto debatido, poderán solicitar ó presidente o uso da palabra para asesorar á corporación.

4.- Na convocatoria establecerase si, a falta de quórum ou inasistencia do alcalde ou secretario xeral, celebrarase unha segunda convocatoria, en cuxo caso esta realizarase necesariamente dentro dos dous días hábiles seguintes.

### **ARTIGO 62.**

A convocatoria con carácter urxente das sesións extraordinarias poderá reducir en todo o necesario o prazo establecido no artigo anterior.

### **ARTIGO 63.**

1.- As sesións extraordinarias serán convocadas con tal carácter polo alcalde a iniciativa propia ou cando o solicite a cuarta parte polo menos do número legal de concelleiros. Dita solicitude realizarase por escrito razoando o motivo que a orixine. Ningún concelleiro poderá solicitar máis de tres sesións extraordinarias anualmente.



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

2.- Cando a sesión extraordinaria fose convocada por solicitude dunha parte dos concelleiros, a súa celebración non poderá demorarse por máis de quince día hábiles dende a solicitude. Si non se procedese á convocatoria dentro do prazo sinalado, o Pleno quedará automaticamente convocado para o décimo día hábil seguinte ó da finalización de dito prazo, ás doce horas, o que será notificado polo secretario da corporación a tódolos membros da mesma ó día seguinte da finalización do prazo citado anteriormente. Na ausencia do alcalde ou de quen legalmente o substitúa, o Pleno quedará validamente constituído sempre que concorra o quórum requirido no artigo 76, en cuxo caso será presidido polo concelleiro de maior idade de entre os presentes.

3.- O asunto para o cal fose solicitado a convocatoria non poderá incorporarse a orde do día dun pleno ordinario ou de outro extraordinario con máis asuntos salvo cando o autoricen os concelleiros solicitantes da convocatoria.

4.- Nas sesións extraordinarias que fosen convocadas con carácter urxente incluírase como primeiro punto da orde do día o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia.

### *Sección Terceira.- Estrutura e debate.*

#### **ARTIGO 64.**

1.- A orde do día das sesións será fixado polo alcalde, asistido polo Secretario Xeral, agás nos casos en que pola extraordinaria urxencia da convocatoria, non fose posible.

2.- Os expedientes que teñan que resolverse no Pleno deberán estar concluídos e entregados na secretaría xeral antes da convocatoria da sesión.

#### **ARTIGO 65.**

1.- O desenvolvemento das sesións ordinarias poderá axustarse á seguinte estrutura:

1. Aprobación da acta da sesión anterior.

2. Parte resolutiva.

2.1 Ditames e emendas que se eleven ó Pleno corporativo.

2.2 Mocións de grupos políticos.

2.3 Proposicións de iniciativa popular.

3. Parte de información, impulso e control.

3.1 Preguntas.



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

3.2 Rogos.

3.3 Información do equipo de goberno.

4. Declaracións institucionais.

5. Mocións de urxencia.

2.- Ós efectos de desenvolvemento das sesións, e para definir o carácter das intervencións dos concelleiros nos debates, utilizarase a seguinte terminoloxía:

1. **Proposta** é a proposición de acordo derivada dun expediente.

2. **Ditame** é a proposición sometida á Pleno tralo estudio do expediente pola Comisión de Pleno. Contén unha parte expositiva e un acordo a adoptar.

3. **Emenda** é a solicitude de modificación dun ditame, proposta ou moción. Os tipos de emenda poderán ser de adición, substitución ou á totalidade do texto orixinal.

4. **Moción** é a proposta de acordo non derivada de expediente, e que se presenta ó Pleno para a súa votación e adopción.

5. **Rogo** é a formulación dunha proposición de actuación dirixida a algún dos órganos de goberno municipais.

6. **Pregunta** é a solicitude feita a fin de que se informe pola presidencia ou membros da corporación, sobre unha cuestión ou asunto municipal. Poden presentar preguntas tódolos membros da corporación, ou dos grupos municipais a través dos seus voceiros. As preguntas presentadas oralmente no transcurso dunha sesión serán xeralmente contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

As preguntas formuladas por escrito serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

As preguntas formuladas por escrito con vinte e catro horas de antelación serán contestadas ordinariamente na sesión ou, por causas debidamente motivadas na seguinte.

As preguntas poderanse contestar por escrito antes da seguinte sesión ordinaria.

7. Cando se dea conta dun asunto ao Pleno para o seu coñecemento ou se formulen rogos e preguntas, non haberá lugar a debate nin a votación.

3. O Alcalde, a Xunta de Goberno e os voceiros están facultados para presentar mocións.

As mocións deberán ser presentadas por escrito no rexistro xeral do Concello, dirixidas á Secretaría Xeral do Pleno, cunha antelación de catro días hábiles respecto da sesión correspondente.

As mocións de urxencia deberán ser presentadas por escrito no rexistro xeral do Concello, dirixidas á Secretaría Xeral do Pleno, ata as once horas do día anterior á celebración da sesión plenaria, salvo no



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

suposto excepcional de que posteriormente ao prazo indicado se produzan acontecementos relevantes e imprevisibles, en cuxo caso se poderán presentar ao comenzo da sesión plenaria.

As mocións deberán ser sometidas a debate e votación no Pleno, sen prexuízo de que sexan resoltas polo órgano competente por razón de materia. Neste senso, e con independencia do órgano municipal que teña atribuída a competencia para a adopción do correspondente acordo, a moción deberá ser debatida e votada polo Pleno do Concello, como órgano político de carácter representativo, sen que o acordo que eventualmente se adopte, vincule xurídicamente ao órgano municipal que teña legalmente atribuída a competencia para resolver sobre o contido da moción.

Si ó obxecto da moción así o aconsellase, requiriranse os informes de legalidade preceptivos, así como o informe do interventor, cando a moción afecte a dereitos e obrigacións de contido económico do Concello.

4.-O debate en Pleno das mocións rexirase polo disposto no presente regulamento para o debate das propostas e proposicións, correspondendo a primeira intervención ao voceiro do grupo político municipal autor da moción ou ao concelleiro designado por este para intervenir.

5.-Os grupos municipais terán dereito a presentar enmendas, sempre que o fagan por escrito e con anterioridade ao inicio do debate.

As enmendas poderán ser aceptadas ou rexeitadas polo proponente da moción. Cando a enmenda á moción sexa aceptada polo proponente, a moción quedará modificada pola enmenda aceptada e votarase a moción na súa nova redacción.

Si a enmenda non é aceptada polo proponente, votarase primeiro a enmenda e despois a moción coa incorporación das enmendas aprobadas.

6.-O voceiro do grupo político autor da moción poderá retirala en calquera das súas intervencións. Si se presentaran enmendas, a retirada da moción impedirá a votación das mesmas.

### **ARTIGO 66.**

1.- Toda sesión terá que respectar o principio de unidade de acto procurando terminar o mesmo día do seu comenzo.

2.- Corresponde á Presidencia do Pleno a dirección dos debates sen que as súas intervencións consuman turno. Si se promove debate nas propostas e proposicións, as intervencións serán ordenadas pola presidencia conforme ás seguintes regras:

- a) Só poderán intervenir no debate os membros da corporación a quen a presidencia dera previamente a palabra.
- b) Os voceiros dos grupos políticos municipais ou concelleiros designados por estes para intervenir sobre cada asunto, farán uso da palabra en orde inverso á súa respectiva importancia numérica no Pleno, en caso de empate atenderase ao número de votos nas eleccións locais nas que resultaron elexidos, intervenindo en primeiro lugar, o grupo municipal que obtivera menor número de votos. Salvo que na lexislación de réxime local ou no presente regulamento se estableza outra cousa, as primeiras intervencións serán de oito





## Concello de Ourense-Oficialía Maior

minutos. As segundas intervencións, ou turno de réplica, terán unha duración de catro minutos por cada grupo político municipal. Excepcionalmente e en caso de asuntos de especial relevancia, a presidencia poderá determinar que as intervencións teñan unha duración superior á regulada con carácter xeral.

- c) Enténdese por alusións aquelas manifestacións realizadas no debate que impliquen xuízos de valor ou apreciacións subxetivas que afecte ao decoro, a conducta ou a dignidade dun membro da corporación.

Os concelleiros que se consideren aludidos nalgunha intervención poderán solicitar un turno de alusións, que ten carácter excepcional e que se limitará a responder ás manifestacións vertidas cunha duración máxima de dous minutos e sen que poida utilizarse para debatir sobre o fondo do asunto. A presidencia resolverá de plano sobre a concesión do turno de alusións solicitado.

- d) Os concelleiros serán chamados á cuestión cando realicen no curso das súas intervencións, disgresións que se aparten por completo do asunto polo que se lles concedeu a palabra ou por voltar sobre o que estivera xa debatido ou votado. Tras a segunda chamada á cuestión, a presidencia poderá retirarlle a palabra ao concelleiro.

3. Os membros da corporación poderán en calquera momento do debate pedir a palabra para expoñer unha cuestión de orde, invocando ao efecto a norma cuxa aplicación reclama. A presidencia resolverá o que proceda, sen que por este motivo se promova debate.

4. As enmendas ás propostas rexiranse polo disposto no artigo 65.5 deste regulamento.

5. Os membros da corporación poderán utilizar materiais audiovisuais de apoio ás súas exposicións, utilizando o monitor do salón de plenos e un ordenador, solicitándoo por escrito tres días antes da celebración da sesión plenaria para que os servizos municipais podan garantir a dispoñibilidade dos medios necesarios e realizar unha proba o día antes da sesión.

### **ARTIGO 67.**

1.- Aberta a sesión, someterase a aprobación, en primeiro lugar, o borrador da acta da sesión anterior, que constituirá un punto da orde do día, salvo que por causas excepcionais non fose confeccionado.

2.- Cando algún dos membros da corporación que tomaron parte na adopción de acordos estimase que determinado punto do borrador da acta ofrece na súa expresión dúbidas respecto do tratado ou resolto na sesión anterior, poderá solicitar do alcalde que se aclare con exactitude, debaténdose e rectificándose como proceda. Só caberá corrixir os meros erros materiais e de feito, procedéndose a súa anotación á marxe do borrador, sen que poda modificarse en ningún caso o fondo dos acordos adoptados.

3.- Ó sinalar en cada acta a lectura e aprobación da sesión anterior consignarase as observacións e rectificacións realizadas dacordo co anterior apartado.

### **ARTIGO 68.**



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

Non poderán adoptarse acordos sobre un asunto que non figure na orde do día polo menos que, sendo a sesión ordinaria, fose declarado de urxencia con voto favorable da maioría absoluta dos membros que integran a corporación municipal.

### **ARTIGO 69.**

Cada vez que proceda a renovación da corporación municipal os membros da mesma deberán celebrar sesión extraordinaria para o so e único efecto da aprobación da acta da última sesión celebrada con anterioridade o cese.

*Sección Cuarta.- Preguntas, rogos e comparencias.*

### **ARTIGO 70.**

1.- As preguntas deberán presentarse segundo o disposto no artigo 65.2.6.

2.- O escrito non poderá conter máis que a concisa e estrita formulación dunha soa cuestión, interrogando sobre un feito, unha situación ou unha información, ou sobre si se tomou ou vai tomar algunha decisión en relación con algún asunto, dentro do ámbito de competencia municipal.

### **ARTIGO 71.**

A presidencia non admitirá a trámite as preguntas nos seguintes supostos:

- a) As que se refiran a asuntos alleos ó ámbito competencial do Concello.
- b) As preguntas que sexan de exclusivo interese persoal de quen as formula ou de calquera outra persoa singularizada, ou as que se refiran expresamente a persoas que non teñan unha transcendencia pública no ámbito do municipio de Ourense.
- c) As preguntas que supoñan unha consulta de índole estritamente xurídica.
- d) A presidencia poderá retirar a palabra a aquel concelleiro que na formulación da súa pregunta non respete o establecido no artigo 70.2 deste regulamento.

### **ARTIGO 72.**

1.- Estarán en condicións de ser incluídas na orde do día do Pleno, as preguntas presentadas na secretaría polo menos con catro días hábiles de antelación respecto da sesión ordinaria correspondente.

2.- A alcaldía e o equipo de goberno poderán solicitar, por unha soa vez respecto de cada pregunta no Pleno, que sexa posposta e incluída na orde do día da sesión plenaria seguinte.



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

3.- A secretaría xeral elaborará semanalmente unha relación das preguntas de resposta oral no Pleno pendentes de substanciación que remitirá á alcaldía para a súa tramitación.

### **ARTIGO 73.**

1. A substanciación das preguntas de resposta oral no Pleno dará lugar á concisa formulación da pregunta polo concelleiro nos termos sinalados no artigo 70.2 deste regulamento, á que contestará o membro do equipo de goberno encargado de responder en nome deste nos termos sinalados no artigo 65.2.6 deste regulamento. A substanciación de preguntas sen respetar o establecido neste artigo dará lugar á retirada do uso da palabra.

2. Cada grupo municipal poderá presentar un máximo de tres preguntas en cada sesión ordinaria, independentemente de que se formularan por escrito, segundo o artigo 70 deste regulamento, ou oralmente.

### **ARTIGO 74.**

Os rogos son propostas de actuación formuladas polos concelleiros de forma concisa. Cada grupo municipal poderá presentar un máximo de tres rogos en cada sesión ordinaria.

No suposto de que un grupo político non faga uso do límite de preguntas establecido no artigo 73.2, poderá incorporalo ao número de rogos previsto neste artigo e viceversa.

#### *Sección Quinta.- Declaracións institucionais.*

### **ARTIGO 75.**

O Pleno poderá aprobar declaracións institucionais a proposta consensuada dos voceiros sobre cuestións de interese xeral, relativas ou non á materias enumeradas nos artigos 25,26,28, da Lei reguladora das Bases de Réxime Local.

#### *Sección Sexta.- Quórum.*

### **ARTIGO 76.**

1.- Para a constitución válida do Pleno requírese como mínimo a asistencia dun terzo do número legal de membros da corporación. Si o terzo matemático fose cifra fraccionaria redondearase por exceso.

2.- Este quórum deberá manterse durante o desenvolvemento de tódalas votacións que se realicen nas sesións. Para ditos efectos presúmense presentes os concelleiros que se ausentaron unha vez iniciada a deliberación dun asunto ata que se decida o mesmo.



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

3.- En todo caso, é necesaria a presenza do alcalde e do Secretario Xeral do Pleno ou dos que legalmente o substitúan.

4.- Si unha sesión non puidese celebrarse por falta de quórum ou inasistencia do alcalde ou do Secretario Xeral, ou dos que legalmente os substitúan, o alcalde realizará nova convocatoria para celebrar sesión nun prazo non superior a dous días hábiles, agás que se tivera previsto a celebración da segunda convocatoria, en cuxo caso realizarase con arranxo a ésta.

5.- O alcalde poderá sancionar con multa ós membros da corporación por falta non xustificada de asistencia ás sesións, ou por incumprimento reiterado das súas obrigas nos termos establecidos na normativa de aplicación.

### **ARTIGO 77.**

1.- Os membros da corporación que por causa xustificada non poidan concorrer a unha sesión comunicaranllo previamente ó alcalde, persoalmente ou a través do voceiro do grupo ó que pertenzan.

2.- Os concelleiros advertirán ó alcalde para ausentarse do salón de sesións.

3.- Ós efectos da votación correspondente, considerarase que se absteñan os membros da corporación que se ausentaran do salón de sesións unha vez iniciada a deliberación dun asunto e non estivesen presentes no momento da votación. No suposto de que se reincorporen ó salón de sesións antes da votación, poderán tomar parte na mesma.

### *Sección Sétima.- Cuestións de orde.*

### **ARTIGO 78.**

1. A presidencia poderá chamar ao orde a calquera concelleiro que:

- a) Profira palabras ou verta conceptos ofensivos ao decoro da corporación ou dos seus membros, das institucións públicas ou de calquera outra persoa ou entidade.
- b) Produza interrupcións ou, de calquera outra forma, altere a orde das sesións.
- c) Pretenda facer uso da palabra, con ou sen utilización de micrófono, sen que se lle houbera concedido ou unha vez que se lle retirara.

2. Tras a segunda chamada ao orde, a Presidencia poderá adoptar as seguintes medidas disciplinarias:

- a) Retira-la palabra ao concelleiro dando por rematada a súa intervención.
- b) Ordear a expulsión do concelleiro do salón de sesións adoptando as medidas oportunas para facela efectiva.



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

### **ARTIGO 79.**

1.- Os concelleiros non poderán participar na deliberación, votación, decisión e execución dos asuntos cando conorra algunha das causas de abstención previstas na lei.

2.- Nestes casos o interesado deberá abandonar o salón de sesións mentres se discute e vota o asunto, agás cando se trate de mocións de censura contra o alcalde, no que éste terá dereito a permanecer e defenderse.

*Sección Oitava.- Réxime de adopción de acordos.*

### **ARTIGO 80.**

1.- Unha vez iniciada a votación dun asunto non poderá interromperse por ningún motivo, agás forza maior, e ningún concelleiro poderá entrar ou saír do salón de sesións.

2.- O voto pode emitirse en sentido afirmativo ou negativo, podendo os concelleiros absterse de votar.

3.- Si da votación resultase empate, repetirase ésta, puidendo o alcalde suspender a votación durante o prazo que estime razoable, cun máximo dunha hora, durante o cal calquera concelleiro poderá ausentarse do seu escano e do salón de sesións. Producida nova votación cun resultado de empate, decidirá o voto de calidade do alcalde.

### **ARTIGO 81.**

1.- Os acordos do Pleno adoptaranse coas maiorías establecidas en cada caso no artigo 123.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

2.- Entenderase por maioría absoluta aquela que comprenda máis da metade matemática do número legal de concelleiros da corporación.

### **ARTIGO 82.**

1.- A votación poderá ser ordinaria, nominal ou secreta.

2.- Serán votacións ordinarias as que se manifesten polos signos convencionais de asentimento, disentimento ou abstención; como permanecer sentado ou de pé ou levantar a man, segundo se aprobe ou non se aprobe.



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

3.- Serán votacións nominais as que se realicen lendo o Secretario Xeral a lista de concelleiros para que cada un, ó ser nomeado, diga "si", "non" ou "me absteño", segundo os termos da votación. Realizarase votación nominal cando o solicite calquera concelleiro e o Pleno así o acorde.

4.- Serán votacións secretas as que se realicen por papeleta que cada concelleiro deposite nunha urna ou bolsa.

### **ARTIGO 83.**

Calquera concelleiro poderá instar oportunamente o Secretario Xeral que se faga constar expresamente na acta o sentido do seu voto. Non mediando dita petición, bastará expresar na acta o resultado numérico da votación, agás que ésta fose nominal.

### **ARTIGO 84.**

1.- Antes de comezar a votación o alcalde presentará clara e concisamente os termos da mesma e a forma de emitir o voto.

2.- Terminada a votación, computaranse os votos emitidos e anunciarase en voz alta o seu resultado proclamándose o acordo adoptado.

### *Sección novena.- Das actas do Pleno.*

### **ARTIGO 85.**

1.- Non se considerará existente o acordo que non conste explícita e terminantemente na acta que corresponda a súa adopción. Poderá ser corrixida a omisión de calquera acordo se en virtude do escrito documentado do Secretario Xeral así o acordase a corporación antes de aprobarse a acta da sesión seguinte a aquela na que se adoptara.

2.- Nese caso, na acta da sesión na que debeu figurar o acordo farase constar esta circunstancia mediante nota marxinal e o acordo transcribírase na acta da sesión na que se aprobara a súa inclusión.

### **ARTIGO 86.**

1.- De cada sesión redactarase acta subscrita polo Secretario Xeral ou funcionario que regulamentariamente o substitúa.

2.- Na acta consignarán:

- a) Lugar da reunión, con expresión do local na que se celebre, data da mesma e hora que comece.



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

- b) Nome e apelidos do alcalde e dos demais asistentes, dos ausentes con escusa e dos que faltaren sen escusa .
- c) Carácter ordinario ou extraordinario da sesión e si é en primeira ou ulterior convocatoria.
- d) Asistencia do Secretario Xeral ou de quen o substitúa e presenza do interventor, cando concorra.
- e) Asuntos a examinar e parte dispositiva dos acordos que sobre os mesmos recaian.
- f) Votacións que se realicen e relación ou lista das nominais, nas que se especifique o senso na que cada concelleiro emitiu seu voto.
- g) Opinións sintetizadas dos grupos de concelleiros cos seus fundamentos e os votos particulares cando non se obtivera unanimidade de criterio e así o pidan os interesados.
- h) Cantos incidentes se produzan durante o acto e foran dignos de resinarse a criterio do Secretario Xeral.
- i) Hora na que o alcalde levanta a sesión.

3.- Os membros da corporación presentes nos debates teñen dereito a que na acta se recolla, se fose expresamente solicitado, a transcripción literal das intervencións, xa sexan propias ou alleas, que se consideren de especial interese.

### **ARTIGO 87.**

- 1.- A acta inicialmente redactada terá carácter de borrador e someterase á aprobación do Pleno na sesión inmediata seguinte, agás que non estea por causas xustificadas.
- 2.- O borrador asinarase polo Secretario Xeral, co visto e praxe do alcalde, e tódalas súas follas serán seladas e rubricadas por aquel.

### **ARTIGO 88.**

- 1.- O libro de actas, estará foliado, encadernado e legalizada cada folla có selo da corporación. Expresará na súa primeira páxina, mediante dilixencia de apertura asinada polo Secretario Xeral, o número de folios e a data na que se inicia a transcripción dos acordos.
- 2.- Utilizaranse medios mecánicos para a transcripción das actas, pero os libros, compostos de follas móbiles, terán que confeccionarse acordo cas seguintes regras:



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

1.<sup>a</sup> Utilizarse, en todo caso, papel timbrado do Estado ou papel numerado da Comunidade Autónoma.

2.<sup>a</sup> O papel adquirido para cada libro serao con numeración correlativa, farase constar na dilixencia da apertura asinada polo responsable da secretaría xeral, que expresará na primeira folla as series, número e data da apertura na que se inicia a transcripción dos acordos. Ó mesmo tempo cada folla será rubricada polo Alcalde, estampada có selo da corporación e numerada correlativamente a partir do número un, independentemente do número do timbre estatal ou comunitario.

3.<sup>a</sup> Aprobada a acta, o Secretario Xeral ordeará transcribila mecanográficamente por impresora de ordenador ou o medio mecánico que se empregue, sen emendas nin borranchos ou salvando ó final as que involuntariamente se produciran, as follas correlativas seguindo rigorosamente a súa orde e facendo constar, ó final de cada acta por dilixencia, o número, clases e numeración de todos e cada un dos folios de papel numerado na que quedara estendida.

4.<sup>a</sup> Como garantía e seguridade de tódalas e cada unha das follas soltas, ata a encadernación, prohibese alterar a orde numérica dos folios descritos na dilixencia de apertura, debendo anularse por dilixencia nos casos de erro na orde de transcripción ou no seu contido.

5.<sup>a</sup> Cando todos os folios reservados a un libro estean escritos ou anulados os últimos por dilixencia ó non caber integramente na acta da sesión que corresponda pasar ao libro, procederase á súa encadernación. En cada tomo estenderase dilixencia polo Secretario Xeral, co visto e praxe do alcalde, expresión do número de actas que comprende, con indicación da acta que o inicie e da que o finalice.

### **ARTIGO 89.**

As actas definitivas serán asinadas polo alcalde e o Secretario Xeral do Pleno.

### **ARTIGO 90.**

De non celebrarse sesión por falta de asistentes, de asuntos ou outro motivo, o Secretario Xeral fará constar mediante unha dilixencia autorizada coa súa sinatura.

### **ARTIGO 91.**

1.- O libro de actas é instrumento público solemne e non poderá saír da Casa Consistorial baixo ningún pretexto, nin aínda a requirimento de autoridades de calquera orden.

2.- O Secretario Xeral custodiará ditos libros ata o seu envío ó arquivo xeral, do que soamente poderá saír, a requirimento daquel, ós efectos da función certificante.

*Sección Décima.- Da moción de censura e a cuestión de confianza.*





## Concello de Ourense-Oficialía Maior

### ARTIGO 92.

- 1.- O alcalde pode ser destituído mediante moción de censura, segundo acordo adoptado polo Concello Pleno, por maioría absoluta do número legal de concelleiros.
- 2.- A moción desenvólvese de conformidade co procedemento establecido na lexislación do réxime electoral xeral.

### ARTIGO 93.

O alcalde poderá presentar ó Pleno unha cuestión de confianza, dacordo co procedemento regulado na lexislación do réxime electoral xeral.

## TÍTULO V

### APROBACIÓN DE NORMAS

### ARTIGO 94.

1.- A aprobación de ordenanzas, regulamentos e demais disposicións xerais canalizaranse a través da Xunta de Goberno Local, a quen lle corresponderá a aprobación do proxecto previo ós informes preceptivos, así como os de carácter técnico- xurídico que a propia Xunta de Goberno Local considere necesarios.

2.- O proxecto aprobado, xunto cos informes e documentación complementaria, achegaranse á Comisión de Pleno e esta abrirá un prazo de dez días, contados dende a recepción do proxecto polos representantes dos grupos na comisión, para a presentación de emendas. Este prazo non se abrirá cando exista acordo de tódolos grupos respecto do proxecto, en cuxo caso a comisión formulará directamente un ditame.

A apertura do prazo de emendas poderase realizar mediante a comunicación do secretario da Xunta de Goberno Local aos voceiros dos grupos municipais, unha vez aprobado por este órgano o proxecto. O cómputo do prazo iníciarase ao día seguinte á comunicación e os voceiros dos grupos municipais poderán renunciar ao mesmo mediante a presentación de escrito dirixido á secretaría xeral do pleno no prazo de dous días a contar dende a comunicación.

3. Debatidas as emendas, ditaminarase o proxecto pola comisión e elevarase a Pleno para a súa aprobación inicial, axustándose ó procedemento establecido pola lexislación de réxime local (actualmente recollida no artigo 49 da LRBRL).



## Concello de Ourense-Oficialía Maior

### **ARTIGO 95.**

No caso de que se presentaran alegacións, a Comisión de Pleno correspondente procederá a valoralas, a cuxo efecto solicitará os informes que considere oportunos, e ditaminará si, como consecuencia de dita valoración, modifica ou mantén o texto inicial. Tanto nun caso coma noutro a comisión elevará a Pleno unha proposta de acordo que conterà: a) a resolución das reclamacións ou suxestións presentadas e, b) a aprobación definitiva do texto resultante de ditas resolucións.

### **ARTIGO 96.**

1.- O orzamento xeral do Concello tramitarase polo procedemento común dacordo coa normativa que lle resulte de aplicación e coas especialidades establecidas na presente sección.

2.- A tramitación do proxecto de orzamento xeral do Concello de Ourense referirase ó estado de gastos e ó estado de ingresos da entidade e dos seus organismos de dereito público así como os estados de previsión de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital pertenza integramente ó Concello de Ourense, sen prexuízo dos demais documentos que deban acompañalo de acordo coa normativa reguladora das facendas locais.

### **ARTIGO 97.**

Presentado o Proxecto de orzamento xeral do Concello de Ourense remitirase á Comisión do Pleno competente, acordándose a apertura dun prazo de 10 días naturais para a presentación de emendas.

O prazo de emendas poderase iniciar e renunciar a él, no mesmo xeito co establecido no artigo 94.2

### **ARTIGO 98.**

1. As emendas ó orzamento xeral do Concello de Ourense poderán ser ós estados de gastos e ó articulado das bases de execución.

2. As emendas de creación ou de incremento dos estados de gastos do orzamento xeral só poderán ser admitidas a trámite se propoñen unha baixa por igual contía, indicando a procedencia e o importe das aplicacións de gastos que se anularían ou reducirían.

3. As emendas ó articulado das bases de execución do orzamento que supoñan creación, supresión, incremento ou minoración dos créditos deberán ter a súa correspondente emenda ós estados de gastos, aplicándose as mesmas regras que as referidas ós mesmos.

4. Non se poderán admitir emendas ó articulado das bases de execución que supoñan aumento dos ingresos.



**TITULO VI**

**DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**ARTIGO 99.**

A Xunta de Goberno Local é un órgano que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de forma colexiada na función de dirección política que a éste lle corresponde e exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan na Lei de Bases de Réxime Local, as demais que expresamente lle atribúan as leis e todas aquelas que, por delegación, lle transfira o alcalde.

**ARTIGO 100.**

1. A Xunta de Goberno, como órgano resolutorio, celebrará sesións ordinarias con periodicidade semanal.
2. As sesións extraordinarias e urxentes terán lugar cando con tal carácter sexan convocadas polo alcalde.
3. O día e a hora na que se celebre a sesión serán fixados polo alcalde.
4. A sesión convocarase con vinte e catro horas de antelación, e os asuntos que comprenda a orde do día encontraránse na secretaría da Xunta de Goberno Local a disposición de tódolos grupos municipais dende o mesmo día da convocatoria.
